



INFORMACIÓN PROCESO ADMISIÓN CURSO 2024-25

1. INFORMACIÓN DA ESCOLA

- Etapa educativa: Segundo ciclo de educación infantil.
- N° de unidades: 11
- Horario escolar do centro: xornada única de mañán de 9,00 a 14,00horas.

2. ÁREA DE INFLUENCIA

Serán zonas de influencia do centro a efectos de escolarización as seguintes: Milladoiro, e os lugares da parroquia de Biduído. A EEI MILLADOIRO está adscrita ao CEP VENTÍN, para realizar os estudos de Educación Primaria.

3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- **Servizo de transporte escolar:** para o alumnado procedente dos lugares de Coira, Moniña, Biduído de Arriba, Biduído de Abaixo, Agrela, Paramuiño, Casanova e Raíces.
- **Ofertados polo Concello de Ames:**
 - ✓ **Comedor escolar:** Horario: de 14,00 a 16,30 horas.
 - ✓ **Servizo de madrugadores:** "Bos días, cole". Horario: de 7,30 a 9,00 horas.
 - ✓ **Servizo de lúdicos:** "Tardes Divertidas".Horario de 16.30 a 21.00 horas.

4. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- **Actividades da ANPA MILLAPEQUES** (a determinar ao inicio de curso)

5. OFERTA PRAZAS CURSO 2024-25

4º Curso (3 anos)	5º Curso (4 anos)	6º Curso (5 anos)
80 + 12 (NEAE)*	0	9

*Estas prazas adxudicaranse na admision ordinaria de non cubrirse con alumnado NEAE

6. HORARIO PRESENTACIÓN SOLICITUDES

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.20 a 10.15	9.20 a 10.15	13.10-13.45	9.20 a 10.15	9.20 a 10.15
	16.00 a 17.00		12.15 a 13.00	13.10-13.45

*Para entregar a documentación fóra deste horario pregamos se poñan en contacto co centro

RESUMO ORDE ADMISIÓN ALUMNADO

NORMATIVA RELACIONADA

1. [Decreto 13/2022](#), do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centro docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de Segundo ciclo de educación infantil e primaria.
2. [Orde 21 de outubro de 2022 que desenvolve o Decreto 13/2022 que regula o proceso de admisión](#)
3. [Instrucións da Dirección Xeral sobre o desenvolvemento do proceso de admisión.](#)
4. [Manual admisión alumnado](#)

5. CALENDARIO DE ACTUACIÓN

• **Presentación de solicitudes: DO 1 AO 20 DE MARZO ambos incluídos**

- Presentación da documentación acreditativa dos criterios alegados no centro escolar: do 24 ao 6 de abril (aconséllase presentala coa solicitude)
- Publicación da listaxe provisional de admitidos: antes do 25 de abril
- Prazo de reclamación ás puntuacións provisionais: 5 días hábiles, dirixindo a reclamación ante o consello escolar.
- Prazo de resolución de reclamacións: 5 días hábiles
- Publicación de lista definitiva de admitidos: antes do día 15 de maio.
- Formalización de matrícula: do 20 ao 30 de xuño.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

A **solicitude presentarase** segundo unha destas tres opcións:

- A través da aplicación web: www.edu.xunta.es/admisionalumnado/ cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
- A través da aplicación web: www.edu.xunta.es/admisionalumnado/ cumprimentar a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica (empregando chave 365 ou certificado dixital)
- Recoller o impreso no centro e unha vez cuberto manualmente entregalo na secretaría da escola.

Para a entrega de solicitudes pregamos respecten o horario establecido (pax.1)

De optar a unha **praza para alumnado de NEAE** achegarse a documentación que acredite as circunstancias alegadas.

MOI IMPORTANTE: O feito de presentar máis dunha solicitude determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

7. DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑARÁ ÁS SOLICITUDES

Para todas as solicitudes:

- Dni dos proxenitores ou titores legais
- Fotocopia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o alumno/a e demais membros computables da familia (todas as páxinas escritas)
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio (de ser o caso)

Outra documentación:

Cada familia achegará os documentos pertinentes segundo os criterios que se aleguen. Aconséllase entregalos xunto coa solicitude de admisión

Sempre que haxa patria potestade compartida, as solicitudes deberán vir asinadas polos dous proxenitores cando se atopen en situación de divorcio, separación legal ou parella de feito non inscrita no Rexistro de parellas de feito de Galicia.

8. CONSULTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

A consulta das listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos deberá ser realizada:

- De forma presencial no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar.
- De forma non presencial a través da aplicación admisionalumnado, empregando a Chave 365 ou o certificado dixital.

9. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido formalizará a matrícula do 20 ao 30 de xuño

Milladoiro, 14 de febreiro de 2024

A directora

M^a Ángeles Ferrón Novais